Instalación e montaxe de moble exento aplicando as medidas de seguridade. - Colocación de equipamentos de prensaxe, ferraxes e outros accesorios que forman o moble exento.	<ul style="list-style-type: none"> Dar a coñecer distintas formas de instalar e montar un moble exento. 	<ul style="list-style-type: none"> Instalar e montar un moble exento. 	<ul style="list-style-type: none"> Instalación dun un moble exento. 	<ul style="list-style-type: none"> Documentación técnica , ferraxes e elementos 	<ul style="list-style-type: none"> OU.17 - Traballos de taller OU.18 - Traballos de taller OU.19 - Traballos de taller OU.20 - Traballos de taller OU.21 - Traballos de taller OU.22 - Traballos de taller OU.27 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.28 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.29 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.30 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.31 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.32 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.33 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.34 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.35 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.36 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	1,0
Control de calidade e entrega do moble exento instalado. - Formularios de control de calidade, limpeza do lugar de instalación e aptitude.	<ul style="list-style-type: none"> Dar a coñecer os criterios control de calidade 	<ul style="list-style-type: none"> Cumplimentar as fichas de control de calidade e entregar o moble nas condicións axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas de control de calidade e entregar o moble nas condicións axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Documentación técnica , fichas de control de calidade e mobles 	<ul style="list-style-type: none"> OU.23 - Actitude do alumno OU.24 - Actitude do alumno OU.25 - Actitude do alumno OU.26 - Actitude do alumno 	1,0
TOTAL						5,0



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Instalación de mobles modulares	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Fai a implantación de instalacións de moblaxe, para o que interpreta a documentación técnica do proxecto e realiza operacións de marcaxe, comprobación e nivelación.	SI
RA2 - Determina recursos para a instalación de moblaxe, para o que reúne materiais e prepara equipamentos e ferramentas.	SI
RA5 - Instala mobles modulares, para o que interpreta planos de montaxe, montando os seus elementos en función do tipo de instalación.	SI
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados a operacións de instalación de moblaxe, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Interpretar documentación técnica (planos e manuais), realizar medicións e outras comprobacións.	1	Interpretación de documentación técnica, medicións e comprobacións.	3,0
2.1 Determinar os medios necesarios para a instalación de moble modular.	2	Determinación de recursos humanos, materiais, equipos e ferramentas para a instalación de moble modular.	2,0
3.1 Transportar e recepcionar o material en obra e revisar o lugar de instalación.	3	Transporte e recepción do material a instalar e revisión do lugar de montaxe do moble modular aplicando as medidas de seguridade.	3,0
4.1 Instalar e montar un moble modular.	4	Instalación e montaxe de moble modular aplicando as medidas de seguridade.	20,0
5.1 Cumplimentar as fichas de control de calidade e entregar o moble modular nas condicións axeitadas.	5	Control de calidade e entrega do moble modular instalado.	2,0
TOTAL			30

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Interpretouse en obra a documentación necesaria para asegurar a correcta execución da instalación.	• PE.1 - Documentación técnica	S	10
CA1.2 Selecionáronse os instrumentos e os utensilios de medida para a comprobación de datos.	• PE.2 - Instrumentos e utensilios	S	5
CA1.3 Realizáronse as medicións, os esbozos e os patróns que cumpra para asegurar a instalación.	• OU.1 - Medicións, esbozos e patróns realizados	S	5
CA1.4 Comprobouse a adecuación das ferraxes de fixación ao soporte.	• OU.2 - Traballos de taller	S	5
CA1.5 Marcáronse os puntos clave definidos no proxecto.	• OU.3 - Planificación da instalación	N	3
CA1.6 Establecéronse as correccións ás posibles desviacións do proxecto, de ser o caso.	• OU.4 - Traballos de taller	N	1
CA1.7 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.	• OU.5 - Actitude do alumno	S	1
CA1.8 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se establecera.	• OU.6 - Actitude do alumno	S	1
CA2.1 Comprobouse que os materiais e os medios especificados no proxecto de instalación estean dispoñibles.	• OU.7 - Planificación da instalación	S	1



Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.2 Realizouse o pedido de materiais aos provedores, de ser o caso.	● OU.8 - Planificación da instalación	N	1
CA2.3 Comprobase que os equipamentos e as ferramentas estean operativos.	● OU.9 - Traballo de taller	S	2
CA2.4 Puxéronse a punto os equipamentos e as ferramentas que o requiran.	● OU.10 - Traballo de taller	S	2
CA2.5 Participouse na confección dos plans de traballo.	● OU.11 - Planificación da instalación e traballo de taller	N	1
CA2.6 Planifícanse as necesidades de transporte.	● OU.12 - Planificación da instalación	N	1
CA2.7 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.	● OU.13 - Actitude do alumno	S	1
CA2.8 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se establecera.	● OU.14 - Actitude do alumno	S	1
CA5.1 Revisouse o lugar de instalación e comprobase a instalación de niveis.	● OU.15 - Traballo de taller	S	1
CA5.2 Recibíronse todos os compoñentes para instalar.	● OU.16 - Traballo de taller	N	1
CA5.3 Panelouse a parede soporte segundo requira a composición.	● OU.17 - Traballo de taller	N	5
CA5.4 Presentáronse os elementos estruturais e nivelouse cada elemento do moble.	● OU.18 - Traballo de taller	S	10
CA5.5 Determináronse as fases de montaxe.	● OU.19 - Traballo de taller e planificación da instalación	S	10
CA5.6 Instaláronse os elementos estruturais e módulos na orde establecida.	● OU.20 - Traballo de taller	S	5
CA5.7 Axustáronse os elementos móbiles (frontes de portas e caixóns, accesorios, etc.).	● OU.21 - Traballo de taller	S	10
CA5.8 Realizáronse as instalacións complementarias (eléctricas, de son e televisión, etc.), e comprobase o seu funcionamento.	● OU.22 - Traballo de taller	S	3
CA5.9 Limpouse o lugar de instalación e deixouse en condicións de entrega.	● OU.23 - Actitude do alumno	S	1
CA5.10 Cubríronse os formularios de control de calidade.	● OU.24 - Traballo de taller e planificación da instalación	N	1
CA5.11 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.	● OU.25 - Actitude do alumno	S	1
CA5.12 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se establecera.	● OU.26 - Actitude do alumno	S	1
CA7.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.	● OU.27 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos	S	1
CA7.2 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas, utensilios, etc.	● OU.28 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos	N	1
CA7.3 Descríronse e relacionáronse os elementos de seguridade (proteccións, alarmas, paros de emerxencia, etc.) das máquinas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que cumpra empregar nas operacións de instalación.	● OU.29 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos	S	1
CA7.4 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.	● OU.30 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos	S	1
CA7.5 Determináronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de instalación.	● OU.31 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos	S	1
CA7.6 Valorouse a orden e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.	● OU.32 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos	S	1
CA7.7 Operouse coas máquinas respectando as normas de seguridade.	● OU.33 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos	S	1



Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA7.8 Identifícanse as posibles fontes de contaminación ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> OU.34 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	S	1
CA7.9 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> OU.35 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	S	1
CA7.10 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se establecera.	<ul style="list-style-type: none"> OU.36 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	S	1
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Interpretación de planos de instalación de moblaxe.</p> <p>Interpretación de planos de distribución e instalación en locais e espazos.</p> <p>Comprobación de medidas en obra.</p> <p>Elaboración de patróns para implantación da instalación.</p> <p>Máquinas portátiles para instalación de moblaxe (trade, caladora, bispeladora, etc.): características.</p> <p>Interpretación de follas de procesos de instalación de moblaxe.</p> <p>Lista de ferramentas e maquinaria portátil.</p> <p>Lista de ferraxes para a instalación de moblaxe.</p> <p>Composicións modulares: librarías, expositores, de almacenamento e arquivo, etc.</p> <p>Interpretación de planos de montaxe.</p> <p>Máquinas e ferramentas utilizadas na montaxe de moble modular.</p> <p>Fixación dos elementos e paneis de instalación de moblaxe: características, tipos e aplicacións.</p> <p>Unión e ensamblaxe entre elementos de moblaxe.</p> <p>Operacións de axuste de elementos móbiles.</p> <p>Identificación de riscos.</p> <p>Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.</p> <p>Prevención de riscos laborais nas operacións de mecanizado.</p> <p>Sistemas de seguridade aplicados ás máquinas de mecanizado.</p> <p>Equipamentos de protección individual.</p> <p>Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Interpretación de documentación técnica, medicións e comprobacións. - Documentación necesaria para a instalación, toma de medidas e realización de comprobacións.	<ul style="list-style-type: none"> Facilitar documentación técnica, mostrar a forma de facer medicións e outras comprobacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpretar documentación técnica (planos e manuais), realizar medicións e outras comprobacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Medicións e outras comprobacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Documentación técnica e instrumentos de medicións e comprobacións. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Medicións, esbozos e patróns realizados OU.2 - Traballos de taller OU.3 - Planificación da instalación OU.4 - Traballos de taller OU.5 - Actitude do alumno OU.6 - Actitude do alumno PE.1 - Documentación técnica PE.2 - Instrumentos e utensilios 	3,0
Determinación de recursos humanos, materiais, equipos e ferramentas para a instalación de moble modular. - Medios materiais e humanos para realización dos traballos.	<ul style="list-style-type: none"> Informar dos recursos humanos, materiais, equipos e ferramentas para a instalación de moble modular. 	<ul style="list-style-type: none"> Determinar recursos humanos, materiais, equipos e ferramentas para a instalación de moble modular. 	<ul style="list-style-type: none"> Plans de traballo 	<ul style="list-style-type: none"> Recursos humanos, materiais, equipos e ferramentas para a instalación de moble modular. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.7 - Planificación da instalación OU.8 - Planificación da instalación OU.9 - Traballo de taller OU.10 - Traballo de taller OU.11 - Planificación da instalación e traballo de taller OU.12 - Planificación da instalación OU.13 - Actitude do alumno OU.14 - Actitude do alumno 	2,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>Transporte e recepción do material a instalar e revisión do lugar de montaxe do moble modular aplicando as medidas de seguridade. - Manipulación e transporte dos elementos que compoñen o moble modular e revisión do espazo a instalar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Dar a coñecer o sistemas de transporte e recepción do material a instalar e revisión do lugar de montaxe do moble modular aplicando as medidas de seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manipular e transportar os elementos que compoñen o moble modular e revisión do espazo a instalar. 	<ul style="list-style-type: none"> • Transporte e recepción do material en obra e revisión do lugar de instalación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentación técnica sobre transporte e recepción de material. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.15 - Traballo de taller • OU.16 - Traballo de taller • OU.27 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.28 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.30 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.31 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.32 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.34 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.35 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.36 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	3,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Instalación e montaxe de moble modular aplicando as medidas de seguridade. - Colocación de elementos estruturais, elementos móbiles, ferraxes, elementos de fixación, instalacións complementarias, remates....	<ul style="list-style-type: none"> Dar a coñecer sistemas de instalación e montaxe de moble modular aplicando as medidas de seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar a instalación e montaxe de moble modular aplicando as medidas de seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> Mobles modulares montados e instalados. 	<ul style="list-style-type: none"> Documentación técnica, elementos estruturais, elementos móbiles, ferraxes, elementos de fixación, instalacións complementarias e remates. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.17 - Traballo de taller OU.18 - Traballo de taller OU.19 - Traballo de taller e planificación da instalación OU.20 - Traballo de taller OU.21 - Traballo de taller OU.22 - Traballo de taller OU.27 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.28 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.29 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.30 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.31 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.32 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.33 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.34 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.35 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.36 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	20,0
Control de calidade e entrega do moble modular instalado. - Formularios de control de calidade, limpeza do lugar de instalación e aptitude.	<ul style="list-style-type: none"> Dar a coñecer a forma de cumprimentar as fichas de control de calidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Cumplimentar as fichas de control de calidade e entregar o moble modular nas condicións axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Formularios de control de calidade cubertos correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> Fichas de control de calidade. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.23 - Actitude do alumno OU.24 - Traballo de taller e planificación da instalación OU.25 - Actitude do alumno OU.26 - Actitude do alumno 	2,0
TOTAL						30,0



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Verificación de acabamentos en moblaxe	7

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Verifica acabamentos de moblaxe e corrixe os defectos detectados mediante procedementos manuais, segundo instrucións de fábrica e en condicións de saúde laboral.	SI
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados a operacións de instalación de moblaxe, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os elementos a acabar e coñecer os materiais e técnicas a empregar.	1	Identificación dos elementos inacabados ou defectuosos e posibilidades de realización do traballo (materiais e técnicas a empregar)	3,0
2.1 Realizar acabamentos	2	Realización de acabamentos en condicións de seguridade.	3,0
3.1 Cumplimentar as fichas de control de calidade e deixar os equipos nas condicións axeitadas.	3	Control de calidade e limpeza de útiles.	1,0
TOTAL			7

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Identifícanse todos os elementos sen terminación ou con terminación defectuosa.	● OU.1 - Observación do traballo realizado	S	15
CA6.2 Diferenciáronse os produtos de retoque existentes no mercado (maletín ou equipamento de retoque, masillas, etc.).	● PE.1 - Produtos de retoque	N	5
CA6.3 Determinouse a técnica de acabado que cumpra realizar en función do retoque.	● PE.2 - Técnicas acabado	S	12
CA6.4 Empregáronse os produtos de acabado (vernices, rotuladores, ceras, etc.) mediante os utensilios de aplicación.	● OU.2 - Traballo de taller	S	20
CA6.5 Realizáronse as técnicas de repaso con medios manuais (brocha, rolete, espátulas, etc.).	● OU.3 - Traballo de taller	S	20
CA6.6 Tivéronse en conta as condicións de seguridade na preparación e na aplicación de acabamentos.	● OU.4 - Actitude do alumno	S	10
CA6.7 Efectuouse a limpeza dos utensilios de repaso e deixáronse en estado de uso.	● OU.5 - Actitude do alumno	S	8
CA6.8 Cubríronse os formularios de control de calidade.	● OU.6 - Traballo de taller	N	1
CA6.9 Retiráronse e recicláronse os envases e as embalaxes.	● OU.7 - Actitude do alumno	N	1
CA6.10 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.	● OU.8 - Actitude do alumno	S	1
CA6.11 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se establecera.	● OU.9 - Actitude do alumno	S	1
CA7.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios, máquinas e medios de transporte.	● OU.10 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos	S	1
CA7.4 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.	● OU.11 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos	S	1



Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA7.6 Valorouse a orden e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.	<ul style="list-style-type: none"> OU.12 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	N	1
CA7.8 Identifícaronse as posibles fontes de contaminación ambiental.	<ul style="list-style-type: none"> OU.13 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	S	1
CA7.9 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> OU.14 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	S	1
CA7.10 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, nos casos en que así se establecera.	<ul style="list-style-type: none"> OU.15 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	S	1
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Detección e corrección de defectos: golpes, raias, rozamentos etc.</p> <p>Técnica de retoque en función da deterioración (brocha, rolete, espátulas, etc.).</p> <p>Produtos utilizados nas operacións de repaso. Maletín ou equipamento de retoque: vernices, rotuladores ceras, masillas, etc.</p> <p>Aplicación de repasos de acabamentos.</p> <p>Identificación de riscos.</p> <p>Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.</p> <p>Equipamentos de protección individual.</p> <p>Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Identificación dos elementos inacabados ou defectuosos e posibilidades de realización do traballo (materiais e técnicas a empregar) - Terminacións e defectos, produtos a empregar e técnicas de acabado.	<ul style="list-style-type: none"> Dar a coñecer as formas de identificación dos elementos inacabados ou defectuosos e materiais e técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar elementos inacabados ou defectuosos. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación de elementos inacabados ou defectuosos e subsanación dos mesmos. 	<ul style="list-style-type: none"> Técnicas acabado, produtos de retoque. 	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Observación do traballo realizado OU.14 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos OU.15 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos PE.1 - Produtos de retoque PE.2 - Técnicas acabado 	3,0



Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Realización de acabamentos en condicións de seguridade. - Técnicas manuais e aplicación de produtos.	<ul style="list-style-type: none"> • Dar a coñecer a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nos traballos de acabado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cumprir coa normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nos traballos de acabado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos realizados cumprindo a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> • Normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.2 - Traballo de taller • OU.3 - Traballo de taller • OU.4 - Actitude do alumno • OU.10 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.11 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.14 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.15 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	3,0
Control de calidade e limpeza de útiles. - Formularios de control de calidade, limpeza dos útiles e aptitude.	<ul style="list-style-type: none"> • dar a coñecer a forma de cumprimentar as fichas de control de calidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cumprimentar as fichas de control de calidade e deixar os equipos nas condicións axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fichas de control de calidade cubertas e equipos nas condicións axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Fichas de control de calidade e documentación técnica. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.5 - Actitude do alumno • OU.6 - Traballo de taller • OU.7 - Actitude do alumno • OU.8 - Actitude do alumno • OU.9 - Actitude do alumno • OU.12 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.13 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.14 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos • OU.15 - Actitude e coñecementos de prevención de riscos 	1,0
TOTAL						7,0



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva son:

Implanta instalacións de moblaxe.

- Interpreta planos de instalación de moblaxe.
- Interpreta de planos de distribución e instalación en locais e espazos.
- Comproba medidas en obra.
- Elabora patróns para implantación da instalación.

Determina recursos para a instalación de elementos de moblaxe.

- Máquinas portátiles para instalación de moblaxe (trade, caladora, bispeladora, etc.): características.
- Interpreta follas de procesos de instalación de moblaxe.
- Lista de ferramentas e maquinaria portátil.
- Lista de ferraxes para a instalación de moblaxe.

Instala cociñas.

- Interpreta de planos de montaxe.
- Coñece máquinas, utensilios e ferramentas utilizados en instalación.
- Fixa elementos de instalación de moblaxe: características, tipos e aplicacións.
- Regula e nivela: tolerancias.
- Coloca elementos, accesorios de cociña e remates: mesados, zócolos, cope-tes, tapaluces e cornixas.
- Mecniza no lugar de instalación: tradeadura e corte.

Monta moble exento.

- Tipoloxía de moble exento: moble de baño, mesas, aparadores etc.
- Interpreta planos de montaxe.
- Coñece as ferramentas utilizadas na montaxe de mobles exentos.
- Regula e nivela.

Instala mobles modulares.

- Composicións modulares: librarías, expositores, de almacenamento e arquivo etc.
- Determina as medidas de prevención de riscos laborais.
- Preven riscos laborais nas operacións de mecanizado.
- Aplicados sistemas de seguridade ás máquinas de mecanizado.
- Equipamentos de protección individual.
- Cumpre a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

O cálculo da nota final do módulo obterase da suma de catro factores:

- 50% Traballos prácticos. Dos cales:

As tarefas de instalación realizaranse no prazo a fixar polo profesor e posteriormente serán cualificadas por parte do mesmo.

- 30% Probas escritas.

Realizarase un único exame por cada un dos trimestres. Para cada un dos trimestres aprobados manterase nota. Nelas figurará a puntuación de cada apartado. Haberá un período para a corrección do mesmo, ó termo do cal, deixaráselles ver os exames ós alumnos para que comprobem a súa puntuación, e firmen dita revisión (a firma implica que se viu o exame, non implica que se esté dacordo ca nota). Cada pregunta levará ó carón a súa puntuación dentro do total da proba.

- 10% Caderno de clase cos exercicios feitos, valorarase a presentación, redacción, contidos e posta ao día.

-10% Comportamento: Actitude, predisposición, motivación para a tarefa por parte do alumno/a, cumprimento dos prazos de entrega tarefas, continxencias organizativa equipo das tarefas, adecuada resposta a continxencias, capacidade organizativa, traballo en equipo, atención e resposta ás tarefas encomendadas, dilixencia no desempeño, unha actitude de respecto cara ó profesor e compañeiros.

A cualificación será de 1 a 10 puntos, considerándose positiva a puntuación igual ou superior a 5 puntos, redondeándose os decimais ao punto máis próximo. Para aprobar é necesario sacar unha nota mínima dun 5 sobre 10.

A nota final do módulo será igual á parte enteira da media das avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O programa de recuperación versará sobre as aprendizaxes mínimas esixibles para obter unha avaliación positiva. Neste programa o alumno/a vai a recibir docencia directa e conterá:

- Relación de actividades realizadas ao longo do curso que han de ser correctamente resoltas e presentadas.
- Relación de actividades novas que tamén han de ser correctamente resoltas e presentadas.
- A finalidade das mesmas.
- A obrigatoriedade da súa presentación.
- Realización dunha proba práctica sobre contidos conceptuais e procedimentais mínimos.

Estas actividades, incluídas no plan de recuperación, terán como obxectivo propiciar que o alumno repase de forma sistemática e progresiva a materia pendente, e así, facilitar a adquisición dos contidos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ao tratarse dun sistema de avaliación continua, os alumnos que non logren superar positivamente unha determinada avaliación serán orientados á realización dunha proba final, co fin de que poidan alcanzar con posterioridade unha avaliación positiva daqueles contidos mínimos que non fosen superados no momento previsto.

Cada alumno irá coa parte da materia que teña suspensa, entendéndose que aqueles alumnos que teñan superados todos os parciais non precisarán presentarse a este exame.

Para superar a avaliación extraordinaria os alumnos con perda do dereito á avaliación continua serán avaliados mediante a proba final. Esixirase ao alumno, a entrega de todas as actividades propostas polo profesor/a, como requisito necesario para poder superar positivamente o módulo.

A cualificación será de 1 a 10 puntos, considerándose positiva a puntuación igual ou superior a 5 puntos, redondeándose os decimais ao punto máis próximo. Para aprobar é necesario sacar unha nota mínima dun 5 sobre 10.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación permite analizar e valorar o papel de tódolos elementos que interveñen no proceso educativo, para axustar a pedagogía as características dos alumnos.

A avaliación sobre a práctica permite establecer en que medida se conseguiron as intencións iniciais e comprobar a aparición de resultados non previstos inicialmente.

O profesor plantexarase algunhas preguntas:

¿Cubrironse os obxectivos nun alto porcentaxe de alumnos?

De non ser así, ¿Qué factores influiron?

Deseño das actividades, motivación, tempo programado, recursos, coñecementos previos.

¿Que cousas habería que rectificar?

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó inicio do curso farase unha avaliación inicial que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a así como das súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumno en relación cos contidos do Módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Partindo de que a aula é diversa por natureza, debemos ter presente que han de adoptarse certas medidas específicas co único propósito de que todos os alumnos/as sexan capaces de, polo menos, alcanzar os obxectivos mínimos. En particular estas medidas específicas van ir dirixidas concretamente a aqueles alumnos/as que presenten maiores dificultades na aprendizaxe.

Chegado o caso, sen modificar ningún elemento curricular prescriptivo, adoptaranse como medidas de carácter ordinario as seguintes:

- Distintas combinacións de agrupamentos, a saber, homoxéneos onde alumnos/as con dificultades parecidas reciben apoio extra, ou heteroxéneos onde alumnos/as con dificultades reciben apoio de alumnos/as máis capaces, integrándose en grupos de traballo con positivos efectos motivadores.
- Ensino individualizado en función das características do alumno/a, aplicando, por tanto, un ensino programado en concreto para cada alumno/a con dificultades.
- En xeral calquera outra adaptación curricular non significativa.

Se coas medidas ordinarias citadas non é posible que o alumno/a con problemas de aprendizaxe alcance os obxectivos mínimos propostos será necesario tomar medidas de carácter extraordinario, como son posibles adaptacións curriculares significativas.

-OCIFP proporciona a través do sistema de calidade, o procedemento MD85ORI05_Plan_Xeral_Atención_Diversidade, activado de ser necesario polo departamento de orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os contidos transversais, relativos ó consumo, á igualdade entre sexos, á paz, ó medio ambiente, á saúde, etc. impregnan a actividade educativa do módulo no seu conxunto, polo que non teñen unha programación específica de forma compartimentada.

Os contidos actitudinais correspondentes ó módulo son comúns para tódalas unidades didácticas:

- Orde e limpeza no manexo da documentación.
- Rigor na interpretación da documentación.
- Autoorganización das secuencias das operacións que se han de realizar na montaxe e realización de traballos prácticos.
- Orde e método no traballo.
- Respecto polas normas de utilización e conservación dos útiles e ferramentas de traballo.



- Atención á conexión de materiais e equipos.
- Execución das operacións con autosuficiencia e seguridade.
- Autoavaliación sistemática das operacións realizadas.
- Valoración de acada-la calidade prevista nos traballos realizados.
- Respecto pola saúde e o medio ambiente.
- Rigor na aplicación das medidas de seguridade, tanto persoal como da instalación.
- Rigor na correcta interpretación das normas e recomendacións sobre as instalacións.
- Orde e limpeza ó cubrir e ó presenta-la documentación.
- Valora-la importancia dos sistemas de protección.
- Interese pola constante actualización da documentación, así como polo seu correcto manexo e arquivado.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias, consistentes en exercicios e traballos con unha metodoloxía de descubrimento guiado, predominantemente como actividades en grupo. Tamén se planificarán saídas educativas a empresas e actuacións executadas relacionadas co contido do módulo.

10. Outros apartados

10.1) Cuestionario de avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso, procederase a realizar unhas cuestións breves do contido xeral do módulo para ter nocións do nivel do alumnado matriculado e así poder decidir as medidas preventivas e/ou correctoras, de seren necesarias.